

2018/19

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
PRIMEIRA LINGUA
ESTRANXEIRA: INGLÉS
2º CICLO DE ED. INFANTIL
CEIP A MAÍA

ÍNDICE

Introdución e contextualización	3
Introdución	3
Agrupamentos e horarios	3
Distribución do alumnado.....	3
Horario das sesións en Educación Infantil	4
O ensino do Inglés e as tres áreas de experiencia na Educación Infantil	4
As Competencias Básica	4
Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas	5
Obxectivos	7
Obxectivos xerais da etapa de Educación Infantil	7
Contribución desde a Lingua Estranxeira á consecución dos obxectivos da Educación Infantil ..	8
Obxectivos específicos referidos á Lingua Estranxeira	9
Contidos	9
Bloques de contidos por niveis e unidades	10
Avaliación	16
Criterios de avaliación	16
Criterios de avaliación de ciclo	16
Indicadores específicos.....	16
Avaliación da práctica educativa e da propia programación	17
Metodoloxía didáctica	19
Principios metodolóxicos da ensinanza do Inglés na Educación Infantil	19
Enfoque metodolóxico	20
Material educativo e curricular empregado	21

1. Introducción e contextualización

1.1. Introducción

O centro, situado na zona norte de Bertamiráns, costa de dous edificios principais separados; un alberga o segundo ciclo de E. Infantil, o outro, todos os niveis de Educación Primaria.

Hai tres mestras especialistas de Lingua Estranxeira no centro. **Imparto Inglés** nos seis grupos de 1º e 2º de Educación Primaria e nos nove grupos dos tres niveis de E. Infantil existentes no centro. (Un total de 15 grupos)

Cada grupo de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil dispón de **50 minutos semanais** de Inglés impartidos nunha mesma sesión. Decidiuse esta temporalización por razóns de operatividade dacordo cas características loxísticas do centro, organización horaria dos docentes e o número de alumnado)

O perfil socio-económico do alumnado é medio. Teranse en conta as diferentes **necesidades educativas** que podan xurdir ao longo do curso, sendo esta programación de carácter aberto, e podendo así, sufrir variacións e reaxustes de ser preciso realizalos. Existen problemáticas específicas a ter en conta no alumnado. O presente documento pretende ser o desenvolvemento da programación da área de linguaxes: comunicación e representación naqueles aspectos referidos á lingua estranxeira, en cumprimento da lexislación vixente (LOMCE)

1.2. Agrupamentos e horarios

1.2.1.- Distribución do alumnado

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL		Total: 177 alumnos/as		
CURSO:	NÚMERO DE ALUMNOS E ALUMNAS			
	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	
4º curso: 3 ANOS	18	18	17	
5º curso: 4 ANOS	18	19	18	
6º curso: 5 ANOS	24	23	22	

1.2.2.-Horario das sesións en Educación Infantil

sesións	Martes	Mércores	Xoves
De 09:05 a 09:55	5ºA	5ºB	Garda Inf
De 09:55 a 10:45	6ºA	6ºC	6ºB
De 10:45 a 11:35	4ºB	4ºC	Prim
De 12:25 a 13:15	5ºC	4ºA	Prim
De 13:15 a 14:05	Primaria	Prim	Prim

1.3

O ensino do Inglés e as tres áreas de experiencia na Educación Infantil

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira na Educación Infantil é un elemento enriquecedor, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polas esixencias que establece a lexislación vixente (LOMCE) para a aprendizaxe do inglés na Educación Primaria.

Ao estudar unha lingua estranxeira a unha idade temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico, integrando o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil e presentando os contidos da lingua estranxeira vinculados aos das diferentes áreas curriculares do segundo ciclo da E. Infantil para respectar o carácter global da etapa e coa intención de preparar ao alumnado para o proceso que abarca a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade.

Polo exposto, o ensino da lingua estranxeira non se fará dun xeito illado, senón que, a través do inglés, nenas e nenos entrarán en contacto con contidos das áreas de identidade e autonomía persoal, medio físico e social e comunicación e representación, pois coas actividades que proporemos pretendemos que utilicen o inglés como unha ferramenta de comunicación que lles permita descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

2. As Competencias Básicas

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e

integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.

Formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumnado transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para conseguir a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumnado deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

2.1. Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común

das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, contribuiremos tamén ao desenvolvemento da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** e da **competencia matemática** pois a través do enfoque global da materia o alumnado atopa moitas oportunidades de empezar a desenvolver estas competencias.

COMPETENCIAS	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
▪ Utilizar estratexias básicas de comprensión: escoitar atentamente, atender á entoación, interpretar xestos...			(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
▪ Aplicar os seus coñecementos previos do inglés para comprender a información esencial que se transmite na aula.		(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)	(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
▪ (Empezar a) comprender, no colexio, ordes moi sinxelas relacionadas coas accións de comezo e finalización do tempo dedicado ao	(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)	(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)	(UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)

inglés (saúdos, sentarse, levantarse, poñer atención, recoller, despedirse...).

- Recoñecer sons apreciando as diferenzas nas distintas linguas. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Saudar e despedirse con frases usuais ou xestos adecuados. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Recoñecer pictogramas, símbolos e cartolinas de imaxes e asocialos ao contexto no que se encontran, comprendendo o significado que teñen. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Colorear debuxos relacionados co que escoitou previamente. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Contar en inglés ata ... (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Sinalar as cores cando as nomean en inglés. (UU 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Producir algunha palabra ou expresión en lingua inglesa no momento adecuado. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Recoñecer palabras significativas e as expresións traballadas relacionadas co centro de interese que se traballa na unidade. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Realizar os movementos que se describen nunha canción ou que nomea o docente. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6) (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)
- Comprender e responder a preguntas sinxelas. (UU 1, 2, 3, 4, 5, 6)

03. Obxectivos

3.1. Obxectivos xerais da etapa de Educación Infantil

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.
2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as **capacidades** que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

3.1.1. Contribución desde a Lingua Estranxeira á consecución dos obxectivos da Educación Infantil

Mediante os materiais da clase seleccionados e en coordinación co traballo desenvolvido polas mestras titoras de cada grupo, pretendemos contribuír á consecución dos obxectivos da etapa de Educación Infantil arriba expresados. Así, a través do inglés, intentamos axudar aos nenos a coñecer mellor o seu corpo para que desenvolvan unha imaxe positiva de si mesmos; a observar e explorar a súa contorna máis inmediata; a coñecer outras manifestacións culturais; a representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados; a conseguir unha seguridade afectiva e emocional cada vez maior; a utilizar a linguaxe de forma axustada a diferentes

situacións para comprender e ser comprendido; a expresar ideas, sentimentos, experiencias e desexos; e a adquirir bos hábitos de alimentación e hixiene.

Se ben pretendemos contribuír á consecución dos obxectivos da etapa traballando desde as tres áreas de experiencia, compete especificamente ao mestre especialista de inglés o desenvolvemento da programación da área de linguaxes: comunicación e representación naqueles aspectos referidos á lingua estranxeira.

3.2. Obxectivos específicos referidos á Lingua Estranxeira

Linguaxes: comunicación e representación

- ✦ Iniciarse no coñecemento e uso dalgúñas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula. **(3 e 4 anos)**
- ✦ Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos. **(5 anos)**
- ✦ Participar en xogos sonoros, reproducindo palabras ou textos orais breves en lingua estranxeira. **(3 e 4 anos)**
- ✦ Participar en xogos sonoros, reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais breves na lingua estranxeira. **(5 anos)**

4. Contidos

4.1 Contidos do ciclo para a primeira lingua estranxeira

- ✦ Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir:

- | | | | |
|---|-------------------------------|---|---------------------------------------|
| ✦ | <i>Cores e números</i> | ✦ | <i>Animais salvaxes e mascotas</i> |
| ✦ | <i>Membros da familia.</i> | ✦ | <i>Alimentos</i> |
| ✦ | <i>Xoguetes</i> | ✦ | <i>Vocabulario relacionado coas</i> |
| ✦ | <i>Festas e celebracións.</i> | | <i>rutinas, saúdos, expresións</i> |
| ✦ | <i>Roupa</i> | | <i>sinxelas</i> |
| ✦ | <i>Elementos do corpo.</i> | ✦ | <i>Xoguetes, Medios de</i> |
| | | | <i>transporte O tempo atmosférico</i> |

- ✦ A lingua estranxeira como medio de comunicación oral.
- ✦ Interese por participar en situacións de interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- ✦ Comprensión de textos sinxelos en lingua estranxeira transmitidos oralmente.
- ✦ Expresión oral en lingua estranxeira con boa entoación e pronunciación.
- ✦ Adquisición dun vocabulario básico en lingua estranxeira.
- ✦ Uso de normas socialmente establecidas en lingua estranxeira para iniciar, manter e terminar unha conversa: saudar, despedirse, dar as grazas...
- ✦ Comprensión e reprodución de poesías sinxelas e de cancións en lingua estranxeira.
- ✦ Diferenciación dos esquemas tonais e rítmicos máis evidentes da lingua estranxeira.
- ✦ Produción de mensaxes orais en lingua estranxeira utilizando debuxos, obxectos, acenos, mímica, xogos, danzas..., para facilitar a comunicación.
- ✦ Asimilación do sistema fonético das outras linguas do currículo.
- ✦ Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles.
- ✦ Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- ✦ Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- ✦ Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas e intereses e desexos de coñecer os dos demais.
- ✦ Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
- ✦ Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
- ✦ Actitude de escoita cara aos demais nas súas interpretacións orais.

4.2. Bloques de contidos por niveis e unidades

4.2.1.- Comprensión oral (Listening)

3 ANOS

4 ANOS

5 ANOS

- Comprensión de saúdos.
- Comprensión da información básica das cancións.
- Achegamento ao ritmo e sonoridade a través das cancións.
- Comprensión de saúdos.
- Comprensión da información básica das cancións.
- Achegamento ao ritmo e sonoridade a través da canción e da escoita de textos.
- Comprensión da información básica das cancións.
- Achegamento ao ritmo e sonoridade a través da canción e da escoita de textos.

4.2.2.- Producción oral (Speaking)

3 ANOS

4 ANOS

5 ANOS

- Interese por producir algunha palabra relacionada co vocabulario das unidades.
- Interese por producir algunha palabra relacionada coa clase e cos contidos da unidade.
- Interese por producir algunha palabra relacionada coa clase
- Interese por producir algunha palabra relacionada cos contidos da unidade.
- Memorización da canción da unidade ou parte dela.
- Imitación e reprodución de modelos.

4.2.3.- Lectura e interpretación (Reading)

3 ANOS

4 ANOS

5 ANOS

- Interpretación e lectura de pictogramas e imaxes.
- Interpretación e lectura de pictogramas e imaxes.
- Interpretación e lectura de etiquetas.

- Identificación de expresiões faciais de emociões:
- Identificación de expresiões faciais de emociões:
- Interpretación e lectura de pictogramas e imaxes.

4.2.4.- Vocabulario

	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
▪ Acciões:	<i>Watch out ,Look stop, play, careful, Wash (All units)</i>	<i>play, jump, run, slide, climb, clap, fly, swim, Choose, dress up!, Put on , stop shut (All units)</i>	<i>Play, Look, shake, stop,, play, sing, eat, drink, eating, falling, flying (All units)</i>
▪ Alimentos:	<i>Orange, juice, ice cream, cake egg, (U6)</i>	<i>(U6) Chocolate, ice-cream, cake, apples, fish, bananas</i>	<i>(U6) Melon, cherries, chicken, sandwiches,yoghurt, lunch milkshake, pícnic, (U5)Snake, parrot, monkey, tiger, crocodile, lion, os números do 1 ao 6, as cores, o corpo, os animais do nivel A.</i>
▪ Animais:	<i>(U2,U5) duck, rabbit, cat turttle, bird, spider dog,</i>	<i>(U5) Bird, spider, fish, turtle, rabbit, elephant</i>	
▪ Cores:	<i>Red, yellow, green, blue, orange (ALL U)</i>	<i>red, blue, yellow, green, orange, purple, pink, white (U1, ALL U)</i>	<i>Blue, green, orange, purple, red, yellow, black, brown, pink, white (ALLU)</i>
▪ O corpo:	<i>Foot, feet, hands, head, face,eyes, nose, mouth. (U6, ALL UNIT)</i>	<i>(U3) Head, arms, tummy, fingers, legs, feet</i>	<i>(U3) Hair, ears, eyes, nose, mouth, face; vocabulario corpo A</i>
▪ A familia:	<i>daddy, mummy, family, (U6)</i>		<i>(U1) Baby, mummy, daddy, sister, brother, family</i>
▪ Neno-nena:			<i>boy, girl. (U2)</i>
▪ Numerais:	<i>one, two, three, four. (ALL U)</i>	<i>one, two, three, four, five, six. (ALL U)</i>	<i>Seven, eight, nine, ten. (ALL U)</i>

▪ Propiedades:	<i>Big, small, (ALL U)</i>	<i>Big, small, round long (ALL U)</i>	<i>round, (U2) big, small (U4) soft, cold, smooth, long, (U5)</i>
▪ Saúdos:	<i>Hello, bye bye. Good morning (All U)</i>	<i>Hello, bye bye. Good morning (All U)</i>	<i>Hello! goodbye, (All U)</i>
▪ Sentimentos e emocións:	<i>Happy (U3, All Units)</i>	<i>Happy, sad, angry (All units)</i>	<i>scared, happy, surprised, angry, sad (U5, All U)</i>
▪ Tempo meteorolóxico:	<i>(U2) Sun, rain, cloud</i>	<i>(U4) It's sunny, rainy, windy</i>	<i>(U4) Hot, cold, windy, sunny, rainy, umbrella</i>
▪ Transporte e as viaxes:	<i>Car, train, scooter, (U3)</i>	<i>Train, scooter (U2)</i>	<i>Train, boat, car, plane (U3)</i>
▪ Vestimenta:	<i>(U4) Hat, shoes, trousers</i>	<i>(U4) T-shirt, trousers, socks, shoes, jacket, hat</i>	
▪ Xoguetes	<i>(U3) Ball, dolly, plane, train</i>	<i>(U2) Ball, car, teddy, dolly, train, scooter</i>	<i>(U2) Drum, boat, robot, plane, phone, trumpet,</i>

4.2.5. Estruturas comunicativas

3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
<p>(U1) Stand up, stretch, sit down, wave, skip close your eyes.</p> <p>Where's Cookie?</p> <p>Skip to Cookie/the treehouse.</p> <p>Jump.</p>	<p>(U1) Duck, kangaroo, Come here!, Sit down!, very good, In a circle, everyone, Listen to me, You need colours, Thank you, Who's missing</p> <p>(U2) My name's... Colour the toys, What is (red),</p>	<p>(U1) One little owl sitting in a tree, Here comes..., owl. Let's look for daddy, Where, oh, where is he?, Is he under the...?, In, on, under, behind.</p> <p>Storytime for you and me, Are you my mummy?, No, I'm not</p>

What colour is...?, Show me... I'm a...
 What have you got in your pouch?
(U2) Up, down
 What have you got in your pouch?
 What colour is it?
 Show me something blue/yellow.
 Point to the...
 Do you like...?
 Hide
 What is it?
(U3) Look at me.
 Watch out.
 Choose...
(U4) Put on/Take off
 What have you got in your pouch?
 Circle the...
 Touch your...
 What's this?
 It's big, It's little.
 How are you...?, Find, please.
 Thank you.
 Where are you?
 Who are you?
(U5) Do you like the sun or the rain?
 What have you got in your pouch?
 What colour is it?
 Show me something...
 You need colours, What's your favourite colour? Can you see?
 I can see... Point with me, Trace the...
(U3) Cookie is sad/happy, Shake your...
 Can I have...?, What number is it?, Cookie is at the doctor's, What's the matter Cookie?
 My (head) hurts!, What's wrong?
(U4) What colour is/are the ...?, some, Pass the bag, everyone, face, Take off/Put on you shoes/jacket,
 What have you got in your pouch?, green spots, What is it?
(U5) Move your arms, What am I? Do you like...?, Yes, I do/No, I don't, Can I have a pet?, Let's see!
 How about a spider?, Wait a minute, What has Lulu got?, Good!
(U6) I like... I don't like..., Chocolate in the fridge, Eat it/them up, What's missing?, What do they like? Some, an, Yum!Yum!, find and circle, Can I have...?, What's your favourite cake?
 your mummy, Who's this?, Bring me...
(U2) Circle the toys, Match the toys, Where's...?, Can you see?, Stop that noise!, Give me...,please,
 Circle what is different, Walk like a..., Play..., Be a..., Pick up..., It's for you!, What's this?
(U3) Touch your... eyes... nose, Comb you hair and wash your face, Open your mouth and close your eyes,
 Point to..., Circle ..., Draw you face, Shake you head, Wave you arms/fingers
 the weather's...?, Today it's sunny...etc, Put on..., It's hot!, It's cold! Finish your worksheet, Count and write, Match the clothes, You need glue/pencils
(U5) Move your arms, open your mouth, Go like this, Happy, sad, angry, surprised, frightened, It goes like this
(U6) Bring me/Give me...Look what Cookie's got!, Densel, Lulu and Cookie are having a picnic, What have we got for our picnic?, We've got sandwiches.
FESTIVITIES UNITS
 Happy Birthday/Christmas/Halloween/ Carnival /Easter/Father's / Mothers day, we wish you a merry Christmas
FESTIVITIES UNITS
 Happy birthday/Halloween/Christmas/ Carnival/Easter/Father's

Point to...

&Mothers day

(U6)*What do you wear when it's
hot?*

What's on your feet?

*What have you got in your
pouch?.*

Tap your foot.

Fall down.

FESTIVITIES UNITS

Happy Christmas/Halloween/

Carnival /Easter/Father's /

Mothers day

05. Avaliación

No proceso de avaliación, valoraremos tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a nosa propia práctica docente.

A valoración do proceso de ensino desenvolvido nas aulas permitiranos adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado.

Seguindo a lexislación vixente, realizaremos unha avaliación global, continua e formativa. A observación directa e sistemática e a análise das producións das nenas e dos nenos constituirán a técnica principal do noso proceso de avaliación.

5.1. Criterios de avaliación

O control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como os/as nenos/as están empezando a aprender, a avaliación basearémola na observación directa do seu desenvolvemento. Consideramos que é máis importante animalos/as a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza.

O control de progreso é un labor continuo desde o 2º curso do 2º ciclo de infantil. Farémolo en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándonos nos/as nenos/as mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

5.1.1. Criterios de avaliación de ciclo

1. Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

5.1.2. Indicadores específicos.

Escala de valoración: **Con dificultade / Sen dificultade / En proceso**

Valor

- 1 Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.
- 2 Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- 3 Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.

- 4 Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- 5 Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.
- 6 Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- 7 Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- 8 Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.

5.2. Avaliación da práctica educativa e da propia programación

Adecuación da organización do espazo ao noso grupo de alumnos e de alumnas.

• A organización da aula favoreceu o clima escolar e a interacción entre o alumnado

• A organización da aula favoreceu a relación entre o profesorado e o alumnado.

Adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.

• A práctica educativa foi:

• *Adaptouse ás necesidades do alumnado:*

• *A proposta metodolóxica foi adecuada para contribución á adquisición das competencias básicas:*

• *Foi suficiente o tempo empregado na unidade:*

• *Os materiais utilizados foron suficientes, motivadores, atractivos:*

Deberemos levar un rexistro de avaliación da práctica educativa e da propia programación, para poder identificar aspectos mellorables no desenvolvemento das clases.

6. Metodoloxía didáctica.

6.1. Principios metodolóxicos da ensinanza do Inglés na Educación Infantil

Input lingüístico adecuado A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas nenas e nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, ***tan importantes son as frases que marcan o labor cotián na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.***

Coordinación coas titoras

Ao ensinársese a lingua estranxeira como unha ***ferramenta para a comunicación e para a representación***, a coordinación coas titoras dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoca de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. Por iso é preciso acordar a comezo de curso os temas que se tratan e a orde dos mesmos para que coincidan no tempo cos doutras áreas desenvolvidos polas titoras e logo manter a coordinación no desenvolvemento dos contidos.

Rutinas da clase

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) como a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos). Todas as unidades presentan idéntica estrutura, que se vai completando con distintas versións dos mesmos tipos de xogos e actividades.

Os tempos

Na organización dos tempos diarios é importante establecer un marco estable que facilite a interiorización de ritmos, achegando seguridade e estabilidade, onde nenos e nenas deben atopar un tempo suficiente para a satisfacción das súas necesidades –alimentación, hixiene, repouso, actividade.

Por outra banda, cada neno e cada nena debe dispoñer, do tempo necesario de acordo aos seus ritmos individuais. O tempo debe organizarse, xa que logo, de xeito flexible e natural, xerando un

ritmo sosegado onde non se atafegue aos nenos e ás nenas esixíndolles unha pronta realización das actividades ou adquisición de destrezas.

Actividades curtas

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada. Por iso, á hora de elaborar a secuencia de actividades propostas, distribuímos estas en períodos non superiores a quince minutos de xeito que, no momento de impartir as clases, as actividades se sucedan rapidamente. Aínda que as circunstancias poden variar dunha sesión a outra polo exposto no apartado anterior, **a temporalización** dunha sesión distribuímola da seguinte maneira:

- ✦ Entrada na aula, saúdos, canción de benvinda e rutina do tempo e data. 8-10 minutos
- ✦ Descubrimento da mascota, diálogo, xogo de repaso do traballado na clase anterior. 15 minutos
- ✦ Presentación con conto e canción de novos contidos. 15 minutos
- ✦ Traballo escrito con ficha, actividade de ampliación. 15 minutos
- ✦ Despedida da mascota, rutina de recollida, canción . 5 minutos

O período de silencio

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo

Colaboración coas familias

Convén tamén manter un estreito contacto coas nais e cos pais, explicándolles o que se pode esperar de nenos e nenas e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar ás súas fillas e aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Pretendemos integrar o inglés nas actividades que se realicen abertas ás familias para que as nais e os pais poidan compartir os seus logros.

6.2 Enfoque metodolóxico

Como xa se dixo, procuramos un enfoque globalizador buscando aprendizaxes significativas que permitan aos escolares aplicar o aprendido nunha situación, a outras situacións e contextos.

A fin de que as aprendizaxes teñan sentido para o alumnado e que estas cheguen a ser

significativas, buscaremos a motivación de nenos e nenas e a súa disposición positiva cara á aprendizaxe. Para iso procuraremos ofertar actividades que conecten cos seus intereses e respondan ás súas necesidades.

Tamén intentaremos que os métodos e recursos utilizados sexan atractivos e eficaces:

- ✦ O achegamento á lingua estranxeira realizarase a través de situacións habituais de comunicación, e en contextos de vida cotiá onde se utilizan saúdos, despedidas e outras fórmulas de cortesía.
- ✦ Xerarase o interese por participar en interaccións orais noutra lingua falando de temas coñecidos ou predicibles para facilitar a comprensión da idea global dos textos orais.
- ✦ Facilitaremos o desenvolvemento de estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral de mensaxes mediante o uso dun contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos que teñan os nenos e nenas. Tamén se crearán situacións para que escoiten fragmentos de cancións, contos e poesías en inglés.
- ✦ Os centros de interese establecidos a través dos que desenvolvemos as actividades partirán de experiencias próximas aos pequenos e ás pequenas relacionadas coa súa vida cotiá como son o colexio, a familia, a rúa, as estacións do ano, a casa, o corpo e os seus cuidados, os alimentos, as tendas, os animais, as plantas, os diferentes tipos de paisaxes, os medios de transporte..., .
- ✦ As actividades estarán graduadas en orde de dificultade crecente, cara á consecución de logros maiores.
- ✦ Finalmente, contemplaremos o repaso e o reforzo continuo dos conceptos xa aprendidos para contribuír ao desenvolvemento das competencias.

6.3 Material educativo e curricular empregado

O método base e fío conductor do curso que empregaremos é TREEHOUSE-THREE IN A TREE A+B, da autora Vanessa Reilly; o cal amosamos na seguinte táboa. O alumnado traballará sen o libro funxible de actividades propio deste programa. Empregaremos outro tipo de material máis dinámico ofrecido polo mesmo. Velaquí unha táboa cos recursos:

<p>1º curso 2º ciclo Educación infantil</p>	<p>Cookie's Treehouse - Oxford University Press Guía Didáctica, Marioneta de Cookie, Denzel e Lulu, Audio CDs, DVDs, <i>Interactive Web Page</i>, Storyboards, Flashcards, Pósters, <i>Treehouse Teacher's Pack</i></p>
<p>2º curso 2º ciclo Educación infantil</p>	<p>Three in a Tree A - Oxford University Press Guía Didáctica, Marioneta de Cookie, Denzel e Lulu, CDs, DVDs, <i>Interactive Web Page</i>, Storyboards, Flashcards, Pósters, <i>Three in a tree A Teacher's Pack</i>, Play Pack, CD ROM</p>
<p>3º curso 2º ciclo Educación infantil</p>	<p>Three in a Tree B - Oxford University Press Guía Didáctica, Marioneta de Cookie, Denzel e Lulu, Audio CDs, DVDs, <i>Interactive Web Page</i>, Storyboards, Flashcards, Pósters, <i>Three in a tree B Teacher's Pack</i>, Play Pack, CD ROM <i>Literacy Pack</i></p>

Ademais deste programa, empregaremos outro tipo de material, tanto funxible coma non funxible.